



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 24 de xullo de 2013

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 24/07/2013.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 24/07/2013.
- III. Calendario académico para o Grao de Enxeñaría da Enerxía no curso 2013-2014.
- IV. Horarios da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2013-2014.
- V. Memoria do Mestrado en Enxeñaría de Minas.
- VI. Memoria do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- VII. Memoria do Grao de Enxeñaría da Enerxía.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 10 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, actúa como secretaria Dona Carmen Pérez Pérez, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 9 de xullo de 2013.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 9 de xullo de 2013.

Unha vez aprobada será posta na nova sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- ❖ A creación na web dunha nova sección para o Plan de Acción Titorial que coordina a profesora Ángeles Saavedra González.
- ❖ A creación na web dunha nova sección para o Acto Gradación que se celebrou o 12 de xullo na antiga reitoría da Universidade de Vigo. A Dirección agradece a colaboración do Concello de Vigo, os servizos da UVigo (DUVI, UVigoTV, ...) e a asistencia das autoridades e do público.
- ❖ Nos apartados correspondentes da web do centro están visibles os programas dos graos cos enlaces a DOCNET e os da titulación a extinguir en formato pdf.
- ❖ A Dirección reuniuse coa Dirección da EEI alcanzando o compromiso de manter na primeira semana de Setembro unha reunión que de conta do acordo da súa Xunta de Escola do 11 de xuño referente ao punto “Toma de decisións sobre a xestión conxunta do Grao en Enxeñaría da Enerxía ca Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas. Aprobación se procede”.



- ❖ Recibiuse una reclamación sobre as excesivas temperaturas nas aulas do centro e procedeuse a notificala ao Servizo de Prevención e Riscos Laborais con copia as autoridades implicadas (Administradora do centro, Director do Área de Prevención e Calidade Ambiental, Xerente e Presidente do Comité de Seguridade e Saúde). Os técnicos do Servizo de Prevención e Riscos Laborais (SPRL) xa se desprazaron ao centro para facer medidas de temperatura. No escrito da Dirección indicábase que este non é un problema puntual, senón que se ven padecendo repetidamente desde que este edificio se puxo en funcionamento. O mesmo afecta a todo o edificio e fai que as condicións de desenvolvemento das tarefas docentes, investigadoras e de xestión sexan inapropiadas. Pedíase que se tomaran as medidas oportunas para que comuniquen urxentemente ás autoridades competentes estas situacións que poñen cando menos en risco a saúde do profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos do centro.
- ❖ Solicitouse información [Materia-Profesor-Software-Tipo de licencia] para o mantemento dos Laboratorios de Informática do centro. Esa información debe ser remitida ao Subdirector David Patiño Vilas antes do 24 de xullo.
- ❖ A Administradora do centro informounos de que o Plan de Prevención/Evacuación do centro estará previsiblemente para Setembro deste ano. O proxecto de sinalización da escola xa está feito polo SPRL da UVigo que é quen ten as competencias é agora responsabilidade da Administradora executalo.
- ❖ A Dirección participou na presentación do CURSO DE INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS DE CLIMATIZACIÓN CON BOMBA DE CALOR en colaboración con de ACLUXEGA (Asociación Cluster da Xeotermia Galega). Curso de 90 horas en réxime semipresencial coordinado polo profesor Eusebio Vázquez Alfaya e que pon de manifesto a vocación do centro polas enerxías limpas e eficientes.
- ❖ Os técnicos da Unidade Técnica desprazáronse ao centro para analizar a situación a día de hoxe da solución de climatización para os despachos do centro que se realizou no seu momento. Esa solución soamente contemplaba a ventilación, é dicir, a renovación de aire, extraendo o aire interior e cambiándoo por aire exterior.
- ❖ Solicitouse o envío de proposta para o equipamento de laboratorios docentes para o curso 2013 de acordo coa documentación do SGIC (IT01-PA07 e IT02-PA07). Para as prácticas de laboratorio da ETSE de Minas no curso 2013/14 o importe ascende a 24258.8 € Todas as solicitudes recibidas serán publicadas na zona de DESCARGA DE ACCESO RESTRINXIDO antes da súa aprobación en Xunta de Escola.
- ❖ O pasado 17 de xullo a Comisión Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Máster vinculado á profesión regulada de Enxeñaría de Minas coordinada pola Profesora Elena Alonso Prieto fixo pública a memoria inicial que será presentada para a súa aprobación nun punto posterior de esta Xunta de Escola. Desde a súa constitución o 16 de abril de 2013 mantivéronse unha decena de reunións internas e diversos contactos con representantes de diferentes colectivos de dentro e fora de nosa universidade, a obxecto de dispor dunha perspectiva ampla do exercicio da profesión.



En particular, a información xerada foi compartida coas 11 escolas de enxeñaría públicas que ofertan graos similares aos nosos en España, co obxecto de tratar de aplicar, na medida do posible, criterios comúns coas escolas que en breve proporán un Máster semellante a nivel estatal (Madrid e Oviedo) e de coñecer ideas do resto de proxectos formativos pensando que a nosa oferta pode atraer alumnado de graos de outras universidades. A Dirección agradece o traballo realizado pola Comisión.

- ❖ **Matrícula:** Unha vez finalizado o primeiro prazo para os estudantes de primeiro por primeira vez 2013-2014 (17 ao 19 de xullo) informáronos oficialmente que no Grao EE hai 44 matriculados [42 no curso 2011-2012 e 47 no curso 2012-2013] e no Grao ERME hai 27 matriculados [22 no curso 2011-2012 e 23 no curso 2012-2013]). Do 29 al 31 de xullo ábrese o segundo prazo...; ... podendo rematala matrícula do 24 ao 28 de outubro no 7º prazo.

3. Aprobación, se procede, dos programas das materias de 5º curso de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.

Do Departamento correspondente recibíronse os programas das materias 309110537 - XESTIÓN AMBIENTAL e 309110538 - TECNOLOXÍA DO MEDIO AMBIENTE pendentes de aprobación na anterior Xunta de Escola. Foron enviados con antelación á esta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os dous programas recibidos.

4. Aprobación, se procede, da modificación puntual dos Tribunais Extraordinarios da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.

Recibíronse unha serie de modificacións dos Tribunais Extraordinarios da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.

Á proposta do Departamento responsable, a profesora Natalia Caparrini Marín figura en lugar do profesor Enrique Orche García nas seguintes materias: ENXEÑERÍA XEOAMBIENTAL (306); PROSPEC. E AVALIACIÓN DE REC. I (307); PROSPEC. E AVALIACIÓN DE RR. II (313); XEOLOXÍA AMBIENTAL (436); XEOQUÍMICA (536); XESTIÓN AMBIENTAL (537); TECNOLOXÍA DO MEDIO AMBIENTE (538); XEOFÍSICA (561); HIDROLOXÍA E XEOTERMIA (572).

Á proposta do Departamento responsable, para a materia INGLÉS TÉCNICO (312) a nova composición é:

Presidente: Celia Vázquez García
Vocal: Jorge Figueroa Dorrego
Secretario: Rosa Alonso Alonso

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ditas modificacións.



5. Aprobación, se procede, da modificación puntual do calendario de exames para os graos impartidos nesta Escola para o curso 2013-2014.

Trátase de modificacións no Grao de Enxeñaría da Enerxía, onde pasáronse os exames das optativas de 4º para a tarde.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ditas modificacións.

Achégase como ANEXO III o novo calendario para o Grao de Enxeñaría da Enerxía.

6. Aprobación, se procede, da modificación puntual nos horarios da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.

Trátase de cambios de aulas nas tres intensificacións da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2013-2014.

Os cambios de horario só afectan á Especialidade de Materiais e están consensuados cós profesores.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ditas modificacións.

Achégase como ANEXO IV os novos horarios.

7. Aprobación, se procede, da memoria do Mestrado en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo.

A documentación enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola e está na sección de DESCARGAS DE DOCUMENTOS DE ACCESO RESTRINXIDO.

A Dirección amplía o agradecemento para Comisión responsable ao alumnado-bolseiro do centro: Jaime García Iglesias e Alexandre Casal Echevarría.

Toma a palabra a Coordinadora Elena Alonso Prieto e comenta algunhas suxestións e comentarios recibidos durante a exposición previa pública no centro relacionados coa admisión do alumnado do Grao ERME.

Mantense a proposta inicial e aprobase por asentimento a memoria.

Achégase a memoria aprobada como anexo V a esta acta.

8. Aprobación, se procede, da modificación da memoria do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos pola Universidade de Vigo.

A documentación enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola e está na sección de DESCARGAS DE DOCUMENTOS DE ACCESO RESTRINXIDO.

A proposta foi refrendada pola COMISIÓN DE PROPOSTA DE TÍTULO DE GRAO e recolle esencialmente as consideracións dos informes de seguimento, o novo formato de memoria e a inclusión de mención nas tecnoloxías específicas do título.



Máis detalladamente as modificacións foron:

Capítulo 1: Descrición

Actualizar o Responsable do título
Actualizar Número de prazas de novo ingreso ofertadas
Actualizar Normativa de Permanencia

Capítulo 2: Xustificación

Sustituiuse a palabra intensificación por mención
Cambiose o nome á intensificación de mineraluxia e metalurxia

Capítulo 3: Competencias

Foron reenumeradas
Elimináronse as competencias das intensificacións xa que ao ser optativas e non as adquiren todos os alumnos non deben ir en este capítulo

Capítulo 4: Acceso e Admisión

Actualizáronse os procedementos do SGIC
Actualizáronse los enlaces á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos e á Normativa de recoñecemento en créditos por la participación en actividades universitarias.

Capítulo 5: Planificación do ensino

Eliminouse a ficha das prácticas en empresa
Incluíronse as competencias das intensificacións
Trasladáronse as fichas ao novo formato. Dado que no novo formato hai que introducir as metodoloxías de avaliación e a ponderación máxima e mínima e nas fichas orixinais non existía esta información, tomáronse as guías docentes d curso 2013-2014 e sumáronse e restáronse un 10% á ponderación que figura as fichas. Actualizáronse tamén os códigos das competencias.
Incluíuse a normativa do TFG

Capítulo 6: Profesorado

Non se modificou nada

Capítulo 7: Recursos materiais

Non se modificou nada

Capítulo 8: Resultados previstos

Incluíuse a taxa de rendemento

Capítulo 9: Sistema de Garantía de Calidade

Eliminouse e só se pon o enlace á web.

Capítulo 10: Calendario de implantación

Non se modificou nada

A Dirección agradece o traballo realizado polo alumnado-bolseiro do centro: Jaime García Iglesias e Alexandre Casal Echevarría.



Acéptase o cambio na denominación da mención da Intensificación de Mineralurxia e Metalurxia polo de Enxeñaría de Materiais.

O alumno Jaime García Iglesias solicita, e acéptase, incluír na ficha do TFG catro horas presenciais tal e como figuran na súa homóloga do Máster.

Aprobase por asentimento a memoria, que achega como anexo VI a esta acta.

9. Aprobación, se procede, da modificación da memoria do Grao en Enxeñaría da Enerxía pola Universidade de Vigo.

A documentación enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola e está na sección de DESCARGAS DE DOCUMENTOS DE ACCESO RESTRINXIDO.

Dita información enviouse tamén aos negociados e Dirección da Escola de Enxeñaría Industrial. A proposta foi preparada pola Dirección e recolle, como no caso da modificación da memoria do Grao ERME, esencialmente as consideracións dos informes de seguimento, o novo formato de memoria e a inclusión de mención nas intensificacións específicas do título.

A maiores no Capítulo 5 (Planificación do ensino) cambiase de cuadrimestre a materia “Recursos, instalacións e centrais hidráulicas” por “Transmisión de calor aplicada”.

O alumno Jaime García Iglesias solicita, e acéptase, incluír na ficha do TFG catro horas presenciais tal e como figuran na súa homóloga do Máster.

Aprobase por asentimento a memoria, que achega como anexo VII a esta acta.

10. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e catro de xullo de dous mil trece.

Vº e Prace
O Presidente

A Secretaria
(por suplencia)

José Benito Vázquez Dorrió

Carmen Pérez Pérez



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 24/07/2013



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 24/07/2013



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 24/07/2013

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Carmen Pérez Pérez
3.	Alonso Prieto, Elena
4.	Álvarez Vázquez, Lino José
5.	Cabeza Simó, Marta
6.	Carrillo González, Camilo José
7.	Eguía Oller, Pablo
8.	García Bastante, Fernando
9.	González Rodríguez, Elena
10.	Granada Álvarez, Enrique
11.	Liz Marzán, Eduardo
12.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
13.	Patño Vilas, David
14.	Rivas Brea, Teresa
15.	Saavedra González, Ángeles
16.	Taboada Castro, Javier
17.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Castro Filgueira, Uxía
3.	García Iglesias, Jaime
4.	Gómez Pérez, Gema
5.	Vidal Fontenla, Alejandro

Total membros Xunta de Escola :	51
Asistentes	22

Excusan a súa asistencia:

- M^a Carmen Romo Pérez



ANEXO III

Calendario académico para o Grao de Enxeñaría da Enerxía no curso 2013-2014.



ANEXO IV
Horarios da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso académico
2013-2014.



ANEXO V
Memoria do Mestrado en Enxeñaría de Minas.



ANEXO VI

Memoria do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.



ANEXO VII
Memoria do Grao de Enxeñaría da Enerxía.